

Resolución pola que se emprazan as partes interesadas no Procedemento Abreviado (PA) núm. 73/2025 seguido a instancia do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia

No Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña tramítase o recurso contencioso administrativo correspondente ao Procedemento Abreviado núm. 73/2025 seguido a instancia do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia fronte á *Convocatoria para a avaliación da actividade investigadora do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física co título de doutor/a e de profesorado contratado laboral correspondente ao ano 2024*.

Notifícase isto para coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña no prazo de nove días, que conta a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora de Profesorado